

NOTA DE PRENSA

#MARCO_DIDÁCTICA

Programación Didáctica VERÁN 2024

Laboratorio de Arquitectura para público infantil
Obradoiros infantís e actividades para grupos con necesidades específicas

Coa colaboración de:



Cara ao mes de xullo, a área de Didáctica do MARCO presenta a súa programación especial de **verán**, que este ano inclúe obradoiros infantís y actividades a la medida para grupos, xunto a unha innovadora proposta centrada na arquitectura e os espazos do Museo. Todo no contexto do programa 'MARCOinclusivo', grazas á colaboración de Fundación "la Caixa".



#MARCO_Didáctica #MARCOinclusivo

LABORATORIO DE ARQUITECTURA

Para público infantil a partir de 6 anos

Conducido por Taller Abierto e Arte&Garabato

Do 4 ao 30 de xullo de 2024

Horario: **martes e xoves** de 11.30 a 13.00

MARCO: salas de exposición e Espazo Anexo (praza peonil posterior)

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN (prazas limitadas)

Reservas de praza en taquilla repcion@marcovigo.com / Tel. 986 113900 (ext. 200)



Unha serie de obradoiros sobre arquitectura, que toman como base o propio edificio do MARCO para abordar esta disciplina dende dous puntos de vista. Por un lado, transmitindo conceptos fundamentais que axuden a comprender unha materia que se percibe como complexa e excesivamente técnica, mediante unha metodoloxía creativa e lúdica, adaptada ás idades dos/as participantes. Por outro, unha vivencia do espazo que afonda nos devanditos conceptos de forma máis experimental e multisensorial, poñendo en xogo todos os sentidos.

#MARCO_Didáctica #MARCOinclusivo

VISITAS E OBRADOIROS PARA GRUPOS

Actividades á medida para públicos de todas as idades (colectivos, asociacións e grupos con necesidades específicas)

Conducidos por M^a Xosé Martínez e persoal de Didáctica do MARCO


Do 3 ao 31 de xullo de 2024

Horario: **mércores e venres** de 10.30 a 12.00 (agás 25 xullo)

MARCO: salas de exposición e Espazo Anexo (praza peonil posterior)

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN (prazas limitadas)

Reservas de praza en taquilla repcion@marcovigo.com / Tel. 986 113900 (ext. 200)



As mostras de Daniel Verbis, Bosco Caride, e Laía Argüelles Folch, ofrecen múltiples posibilidades de experiencias e obradoiros, a través do contacto directo coas obras en salas. As actividades, deseñadas á medida en función das necesidades e características de cada grupo, funcionan como fío condutor entre as persoas participantes e o espazo do Museo, procurando fomentar un vínculo afectivo que está na base de todo coñecemento.

#MARCO_Didáctica #MARCOinclusivo

TALLERES INFANTÍS DE VERÁN

Para público infantil de 3 a 6 anos

Conducidos por M^a Xosé Martínez e persoal de Didáctica do MARCO

Do 3 ao 31 de xullo de 2024

Horario: **mércores e venres** de 12.00 a 13.30 (agás 25 xullo)

MARCO: salas de exposición e Espazo Anexo (praza peonil posterior)

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN (prazas limitadas)

Reservas de praza en taquilla repcion@marcovigo.com / Tel. 986 113900 (ext. 200)



Nesta nova edición dos obradoiros de verán, os máis pequenos terán oportunidade de participar unha vez máis en actividades de taller, concibidas como sesións independentes, que poñen o foco nunha experiencia de aprendizaxe baseada no disfrute, e que funcionan tamén como apoio á conciliación familiar no período estival.

Contacto Comunicación e Didáctica

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113908 / 986 113900

comunicacion@marcovigo.com

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura y Deporte

Príncipe 54. 36202 Vigo. Tel: 986 113900. info@marcovigo.com www.marcovigo.com